

O SON Z (III)



1) Completa as seguintes oracións con **c** ou **z**, segundo corresponda:

- Compramos marmelada de caba__a, __ume e pan de __enteo para o almor__o.
- O vestido de l__ía leva un la__o a__ul que lle __ingue a __intura.

2) Le o seguinte texto e marca as sílabas que conteñan o son Z:


Montañas de lume

Os volcáns son un fenómeno moi misterioso da natureza. Antigamente, en Asia pensábase que o volcán era coma un cárcere en que habitaba un dragón terrible, que cusía linguas de lume cara ao ceo azul. Hoxe, os científicos estudan estas montañas e, ás veces, poden predicir cando van entrar en erupción e por que razón.




3) Clasifica as palabras anteriores:

ESCRÍBENSE CON **C**



ESCRÍBENSE CON **Z**



4) Completa as seguintes palabras coa letra **c** ou **z**:

CON__ELLO

CAN__IÓN

A__UCRE

__ENORIA

GARAVAN__O

NATURE__A

RAPA__A

__INEMA



